



# LA GALICE ROMAINE



- Sen dúbida ningunha, éralle un home coidadoso. Fíxese que todos os días, antes de marchar ás súas camiñatas de sempre, colocaba a habitación e limpábaa el mesmo para aforrarme traballo. ¡Que educado!

Dicíame que se seguía traballando así, dentro de 15 anos sería unha vella inválida. Pois iso, cando volvía, aí cerquiña da noite, antes de secarse e cambiarse ou comer algo, recollía todo. Dicía que era porque tiña mala memoria e se non ordenaba e pasaba a limpo ao momento... nada. ¿Sabe ao que máis me chamaba a atención? Que se preocupaba polos pequenos detalles, xa sabe, em..., quería sempre o pano dobrado pola metade, as zapatillas á esquerda da cama... A el gustáballe pasar as follas do caderno; a min ata me poñía dos nervios, todo o tempo, e veña pasar follas e follas e follas, ¡que mal!

- ¿E que me di dos seus pasatempos?

- Ui, pasaba horas e horas

lendo. Sempre libros estranxeiros, claro. Os seus favoritos eran os de Gunter Gras se Amin Malouf, ou algo así. Eu seillo porque obrigoume a ler un tocho grandísimo, nunca o acabei. Eran cousas nunca vistas por aquí. Sempre comentaba que unha vez que liches un libro deses, o resto eran lixo. ¡O que é ter cultura! É

que era francés, e eses de por alí dan moito de si. Sempre tiña unha radio prendida. Quería estar á última en noticias, música... de todo. Así era que despois sabía todo dos políticos, deportistas, sabios e estes que son "moito máis" na Xunta e institucións desas. A min as súas cancións durmíanme, Chopin, Bach... Eu mesma ensineille a apreciar a alegría e sabedoría das muiñeiras. Porque, ¿sabe?, eu antes bailaba, ¡ui como bailaba!, si señor; aínda que lle pareza mentira, cada vez que movía o esqueleto, polo menos 15 homes poñíanse aos meus pés.

Tiña por costume ir todos os solpores correr cunha rapariga. Eu non sei, o runrun da xente dicía que andaban liados. A min iso non me gustaba; xente nova, leña verde, todo é fume. Iso de andar por aí xuntos, sen sabelo a familia... ¡Boh!, mal non facían.

- ¿Como se chamaba a rapaza?

- Anxelita. Seguro que ela sabe moito máis ca min. Eu só o coñecía do choio. Eu son de Palas, pero veño todos os días traballar ao Estilo dende hai 27 anos. Daquela eu tamén era moza, pero non tanto coma eles. Facíame compañía nos días de choiva. Eu ensineille a xogar á brisca. Agora ela é profesora do N° 2. Se ten algunha dúbida máis, chámeme, que estarei encantada de falarlle daquel estraño inquilino.

## II

Cando cheguei alí eran as 7:47 da tarde; tres horas atrasados. Día chuvioso; húmido; forte vento do nordeste; ceo encapotado; sen xente na rúa; o único son, aparte dos naturais, que se escoite provén das case 200 tascas abertas. Si, xusto como me explicarían máis tarde, era o típico día outonizo nesta comarca.

Atopo, por fin, o lugar onde me hospedaría durante uns anos. Ante a miña sorpresa, non está tan mal. Entre aquelas catro paredes tiña previsto escribir o meu libro, en segredo. Pero pronto me decatara de que iso era imposible, aos dous días todo o mundo estaba ao corrente e cargados de ideas para o meu proxecto.

## III

- ¿Vostede como o coñeceu?

- Se é un deses seres hipócritas que primeiro veñen moi agradables e desinteresados pero que no fondo non queren máis que buscar chismes para despois vendelos;



# LA GALICE ROMAINE

fágame o favor de saír da miña casa xa.

- Non se confunda, señora, eu só quero saber que pensaba, que escribía, que sentía... a súa vida privada impórtame pouco. El era un home pouco sociable; tiña os seus amigos pero non era deses que sempre andan á procura de máis.

- Coñecémonos facendo sendeirismo. A ambos nos gustaba correr, andar en bici. El comprara unha de cuarta man, destas antigas de manillar curvo e baixo.

Faciamos carreiras entre nós. Case sempre gañaba eu. Co tempo funlle collendo agarimo. Era un bo home, moi intelixente e observador. Notábase que era un ilustrado da Bretaña. As súas ideas chocaban coas nosas. Nós só tiñamos relación en horas de ocio. Enténdanos, os dous estudabamos e, o que menos apetece é poñerse a falar destas cousas en media hora que tes libre. As nosas conversas eran máis ben relacionadas co cine, a música, a moda e cousas así.

- Entendo. ¿Nunca lle falou do seu traballo, dos seus proxectos? Ha de saber que quería escribir un libro. O primeiro que se facía de estudos xeográficos sobre Galiza.

- Si, xa o sabía. Creo que aínda non se publicou, ¿non?

- Así é

- Pois lamentándollo moito, eu só lle podo falar do que vivín con el. ¿Probou a preguntarlle

a Xosé Luís Carril? Eles intercambiábanse os apuntes. Era como o seu compañeiro de traballo.

## IV

A primeira impresión que tiveron foi que me atopaba nunha pequena vila mariñeira, coma a que imaxinas cando les unha descrición nun conto ou ves unha película. A pequena diferenza é que está chantada en terra firme, no corazón dun Reino perdido que se atopa indeciso entre seguir progresando e imitar aos veciños ou decantarse polo seu lado máis autóctono, tentando desfacer o pouco que quedaba. Unha vila afastada e allea a todo o que acontece ao seu redor, porque os melidenses teñen claro que a eles nunca lles vai afectar, e na que o inexorable paso do tempo parece deterse.

Un pobo no que coñecería outros niveis de realidade e que nunca se atopará en libros porque é imposible de plasmar. Realidades que descubres a partir das experiencias da xente que está ao teu carón. Xente que desexa continuar coa súa vida de sempre, coa tradición dos seus antergos, pero que, á vez, sabe coller o bo que traen os metecos, ofrecéndolles a cambio valores desta cultura dados con especial agarimo, entusiasmo, emoción e sabedoría.

## V

- ¿Coñeceuno en persoa?

- Si, pero non eramos grandes amigos. El paraba aquí de

vez en cando. Sempre tomaba unha copiña de viño e contaba un conto cos veciños.

- ¿Era coñecido polo pobo?

- Mire, este é un núcleo pequeno. Aquí todo se sabe. Non existe a discreción nin os segredos, xa sabe. E cando pasa algo así... a xente aínda abre máis a orela. Era todo unha atracción ao principio: a súa boca falaba sete linguas, os seus ollos viran nove países distintos, os seus oídos deleitáranse con grandes compositores europeos. Sen dúbida era unha atracción. Imaxínese o que foi para este pobo, o que trouxo, o que deixou. Si señor, era grandioso. Foi como un despertar. O que non sei é por que escolleu Melide para quedarse e non Santiago ou Lugo.

El cada día asustábase máis do atrasados que estabamos neste país. Si, moi bonito, leis que nos defenden, democracia, ciencia, declaración dos dereitos humanos... pero, a dicir verdade, as herdanzas ían para os irmáns máis vellos, as mulleres na casa e sen estudos... Eu agora falo ben del porque as súas ideas comezaron a ser frutíferas hai tan só uns poucos anos. Cando estivo aquí, hai uns 20 anos, moito o temos criticado polos seus aires liberais. Non rezaba, seica era protestante; trataba por igual aos mozos cós vellos; tiña como amigos mulleres... Provocou toda unha revolución.

- ¿Que me di do seu traballo científico?



# LA GALICE ROMAINE



- Diso non sei nada. Fale co seu amigo Carril. Por moito que nos falara diso, a maioría de nós eramos case analfabetos e non iamos entender nadiña.

Aínda que levou a contraria en temas fundamentais a unha masa de 5000 persoas e realmente os seus costumes non nos agradaban, teño que dicir que foi unha sorte, un orgullo e un honor telo con nós. Coido que sempre botaremos de menos o seu característico saúdo: un “bos días, amigo” pronunciado con unha firme pero á vez cariñosa seriedade.

- Grazas pola información ¿A conta?

- Nada. Invita a casa. Xa sabe, se quere algo máis, as portas do Norte están sempre abertas.

## VI

A morriña que sentín ao irme do meu segundo fogar non hai palabras neste mundo que a expresen. A mágoa que sentes ao ver que, cada segundo que pasa, vaste afastando dos teus seres

queridos, a tristura que inunda o teu interior dificultan aínda máis a separación.

Sabedor de que nunca máis volverás, que o retorno é imposible, a pena que dá mover o pano en sinal de adeus, un adeus para sempre e non un ata pronto, é inaguantable. ADEUS.

## VII

- ¿Que relación gardaba con el?

- Era, daquela, tan só oito anos máis vello ca el. Eu estudara xeografía, pero estaba no paro. “Se estudas has ter un bo futuro”, xa ve. Cando me decatee da súa chegada e dos seus propósitos, enseguida me puxen en contacto con el. Dende aquela, xuntabámonos unha vez á semana e falabamos dos avances do seu traballo. Eu prestáballe libros, apuntes, notas. Ao se tratar dun libro de estudos xeográfico-económicos e antropolóxicos de Galiza, todo o relacionado coa miña materia consultábamo antes.

- ¿Que opina do proxecto?

- A derradeira vez que o vin estaba bastante completo, pero non sei como quedou o libro. Dáme rabia e mágoa que teña que vir un estranxeiro para facer un estudo sobre a distribución da poboación galega.

- ¿Cres que as súas avanzadas ideas naquela época puideron marcar a maneira de facer e escribir o libro?

- Moitísimo. Estrañábase dos

nosos anticuados costumes. De aí o nome que lle quería poñer: “La Galice romaine”.

- ¿Sabe algo del?

- Ao principio mandabámonos correo, pero catro anos despois de marchar de Melide non volvíñ saber nada del nin do estudo. ¿Para que quere saber todo isto?

- Son da editorial “Luciérnaga”. Queremos publicar o seu libro. Só nos faltan datos para a introdución e ocorréusenos vir aquí coñecer o ambiente no que o escribiu.

- Entón, por fin, despois de 20 anos...

- Cremos que é imprescindible. É o único libro deste tipo que se coñece. Levamos 15 días un compañeiro e eu procurando información para completalo. Cando o publiquemos, mandámoslle unha copia para vostede.

## VIII

A amigos, a amigas, a compañeiros, a compañeiras, a benfeitores, a benfeitoras, a axudantes, a ilustres e a non tan ilustres, a xefes, a compatriotas, a irmáns de sangue, lingua, coñecemento e corazón... en fin, a todas aquelas persoas que co seu apoio, esforzo e ilusión fixeron posible este libro, quero dicirlles: BOS DÍAS, AMIGOS

Asinado: Abel Bouhier  
Dedicatoria de Abel Bouhier do libro “La Galice romaine”

Rosa Mato Amboage (B1A)